

## Os traballos del herba na marina tapiega

XOSÉ MIGUEL SUÁREZ FERNÁNDEZ

Hoi en día, a economía agrícola da *marina*<sup>1</sup> tapiega nun é úa esceición dentro del panorama asturiano. Polo gracioso del sou relieve foi ésta úa zona unde entróu ben axina a mecanización dos llabores da llabranza y unde primeiro se fixeron concentracióis parcelarias. El cambeo hacia un sistema encamiao á producci3n de leite fexo que senras nun tempo dedicadas al cereal sían agora pradeirías ou meizales pra forraxe.

Núa zona húmeda como a costa atlántica el problema da conservaci3n del forraxe el máis tempo posible sempre tuvo nos esmolementos dos llabradores. En poucos anos —dos sesenta pr'acó— as innovacióis tridas de fora pra ensilar el herba ou el meiz fixeron cambiar ben el paisaxe tradicional. Se primeiro foron as construccióis de ladriyo y uralita ou os silos enterraos na cortía ou nel aira da casa, despóis chegaron os montóis na mesma terra cubertos de plástico mouro y rodas de todos os tamaños pra fer peso. Os farrapos del plástico y as cubertas estragayadas núa veira deixan hoi paso a os rollos brancos envoltos nel mesmo prao con úa rapidez de pasmar por máquinas enganchadas al tractor.

Esta imaxe del plástico —tan agresivo col medio

natural y el paisaxe tradicional pero tan gracioso pra economía dos llabradores—, rompe dafeito cua romántica imaxe das varas d'herba al pe da casa que son hoi cuase úa reliquia d'outros tempos.

É d'esos tempos das varas d'herba, dos llabores relacionaos con ese elemento tan necesario pra economía llabradora como é el herba, dos que nos imos acupar neste pequeno trabayo<sup>2</sup>.

Os sitios máis húmedos, máis achegaos a os ríos, eran os que se deixaban pra praos. El resto era terra pras senras, pra llabrar el meiz, el trigo, os nabos, as patacas, etc. Podía haber *pastóis* ou praos que s'usaban pr'*allindar* nellos as cuatro ou cinco vacas que tían como media os caseiríos. Eran praos que quedaban llonxe da casa y que nun rendía iryes todos os días a por herba verde. Tamén se podía allindar nel prao que se segara, despóis de que *retonara*. A vaca *apastoirábase* ou *abicornábase* con úa corda atándoye el focico a úa mao. As casas probes, as máis, allindaban *de preso*, cua vaca amarrada por úa corda, nos suqueiros y veiras das terras, entre os sucos del trigo ou nel monte, muitas veces fuxindo d'amos enfadaos que protestaban por qu'as vacas yes entraran na terra.

### El herba verde

El *herba verde* cada ún iba buscar a súa pral día. Salíase de mañá mui cedo ou á tardía, pra qu'el sol nun estropiara el herba y pudiera tar fresca pras vacas. Antias nun s'iba al verde col carro senón col burro. Había poucas vacas y tamén había pouca herba. Íbase pral prao cua *gadaña*, el *cornu* cua *pedra d'afilar*, el burro apareyao y os *ganchos*, úa especie d'escaleira articulada en cuatro pezas que s'acabalgaba derriba del albarda y que s'abría pra os llaos pra cargar allí, como se foran úas alforxas, toda el herba que se precisara. Anque había muitas feituradas de ganchos, el máis normal é que, abertos, chegaran al altura del albarda.

Segábase cúa gadaña<sup>3</sup> y iban féndose us *maraños* allargaos arrapañando cúa mesma gadaña el herba que quedara solta. Se el herba taba deitada había que sacala como se pudiera. Se taba mui moyada, según s'iba fendo el maraño, dábaseye a volta cúa gadaña pra que quedara a parte d'abaxo, el *cul* del herba, descuberta al sol y asina iba enxugando dalgo. Se el maraño taba sin virar había qu'ir *engavellándolo* (ou *engavelándolo*), dándoye a volta cúa mao y fendo d'él montoncios ou *gavellas*. Tamén había quen lo fía cúa garabata, axudándose col pe.

*“Había xente tan curiosa, ou tan remilgúa, que se taba el cul del herba pral outro lado, cambiábala pra que fora toda a ese xeito. Ai dios, se fora hoi...” (Mántaras).*

Esa gavella ou *brazao* cargábase nos ganchos y asina s'iba amañando a *carga*. Cargar os ganchos tía a súa cencia. Se había que subir pra salir del prao había que cargar treseiro; se había que baxar, cargábase pra delante. Se non, al salir, había peligro de qu'a carga cayera. Poñíanse as *gavellas* col *cul* del herba pra fora, qu'é por unde é máis gorda, porque se non escapaba toda col axenegarse del burro al andar. Íbanse poñendo *gavellas*, úa en cada llao, pra qu'a carga tuvera sempre repartida y íbase macizando nel medio pra prender as puntas das *gavellas* d'un llao y del outro. Cúa *corda dos ganchos* dábaseye dúas voltas á carga, apertábase ben, y volvíase prá casa. Allí botábase nun cabanón ou nun tableiro pra que recudira, posta ben deretía col *cul* pr'abaxo. Ás vacas dábaseyes despóis esa herba del mesmo xeito, cúa gavella pousada dereta.

Se el prao era moyao había que cuidallo ben y ferye pol augua: nos meses de xulio y agosto era el único sito d'unde se podía sacar herba verde.

Había qu'amañar nel prao us *regos* ou *caños* pra qu'el augua del inverno desauguara del prao. Pra fer el rego usábase úa *eixada* y pr'amañallo curioso, cortándoye as

veiras, botábase mao del *rozón*, úa gadaña de foya máis pequena y resistente. Máis tarde chegou úa ferramenta, a *regadera*, que tía cuitella nun llao y eixada nel outro.

A cada rego, según únde se quería el augua, fianseye úas *sangrías* ou *sangradeiras* y d'ese xeito el augua salía y regaba el prao. Cada volta que s'iba al verde, cua gadaña llimpábanseye os bordés al rego pra que nun quedara allí el herba parando el augua.

Nos praos que tían *fonte regadío* había que darye salida al augua pra unde fose. Però parábase el augua con tarróis pra ir botando un pouco hoi aquí y outro mañá, noutro sito. Había quen regaba con úa fonte praos que taban a centos de metros y amañaban de xuntar un montón de troncos covaos que fian de tubería.

Os praos moyaos abonábanse, se se podía, col miyor cuito: el de caballo. Como col frío del inverno el prao nun *retona*, nun bota el *outono*, había que botarye cuito de caballo porque se dicía que *calentaba* el herba. En setembre ou outubro, condo el prao einda ta seco, llevábase pr'allí un carrao de cuito. Se s'esperaba al inverno, el carro cargao fundía y nun entraba. Era alló pol mes de xeneiro, condo máis chove, condo se *cuitaba*, pra qu'el augua desfixera miyor el cuito. Iba cortándose miudo y ben picao con úa eixada especial que fia ángulo recto col mango y tía pico na cota pra darye máis peso ás eixaduadas. Da que s'iba cortando del montón, iba cargándose en *angareñas* ou nun *carretón* pra repartillo por todo el prao. Cuntan de dalgús que lo fian cua mao.

Ademáis del cuito tamén se ye botaba cinza das cocías. Cada dúas ou tres cargas que se coyían de verde, llevábase un caldeirao de cinza y botábase al cacho de prao que se segara.

Os praos secos abonábanse alreduor de marzo, con güano ou química, a mao. Despóis xa nun se volvía nada a él hasta que se coyera el herba seca.

*“Y eso condo s’abonaba, qu’había mui pouco cuito. El herba salía a fuerza de dios y del augua. Más del augua que nada...” (Serantes).*

### **El herba seca**

Antigamente coyíase pouca *herba seca*. Á falta d’abono y de terras abondas había qu’amecerye el feito de que xa había máis cousas pra *seco* pras vacas (paya, capella de meiz). Eran os praos sequeiros y os que taban máis llonxe da casa os que se deixaban pra herba seca.

Pra segar el herba seca, se os brazos del caseirío eran poucos y a casa era potente, íbase a chamar xente a xornal pra segar. Se nun s’atopaban nel llugar, na Montaña sempre había *obreiros* dispostos a ganar us poucos cuartos na sega. Avezábase a axudar a os parentes y era normal tamén qu’*emparzaran* dúas casas unidas pol parentexo pr’asina dar feito todo el llabor.

Condo el herba xa se pon amarellada y ta medio seca, *condo empeza a tirar a flor*, é el momento de segar. *“Condo espiga, xa nun medra máis”*. As fechas podían variar según cómo anduvera el tempo de moyao pero ei camín del mes de xuno, por San Antonio ou d’ei pr’arriba, xa s’avezaba a empezar a segar.

*“Se chove medra más el herba. Se vén úa seca que nun chova en toda a primavera ou eso, pos el herba nun medra y entós quédase pequena y entonces, condo vas segala, pos hai pouca. Se hai pouca herba nel prao, seca primeiro, según el tempo. Se hai muito sol, pos seca primeiro y se non, se hai muita herba y sigue chovendo, entonces el herba aguanta más tempo verde, nun seca tan axina” (Mántaras).*

Antias da *sega* había que crabuñar as gadañas. El máis normal era crabuñar el víspora pra salir condo fora día, al riscar, ás cinco ou as seis da mañá. De mañá cedo era condo se fundía máis. Despóis, col calor, el sol picaba

y taba malo de trabayar. Ademáis fía falta el máis tempo posible.

Y empezaba el llabor. Segaban homes y muyeres anque avezaban a ser máis os homes. Llevábase un sombreiro na cabeza. As muyeres habíalas que llevaban un pano na cabeza y un sombreiro encima. Quen segaba llevaba colgao al cinto un *cornu*<sup>4</sup> y, dentro, con un pouco d'augua, a *pedra d'afilar*<sup>5</sup> pra condo a gadaña xa nun cortara ben y se puxera *gorda*.

Empezaban al xeito del prao y despóis qu'el primeiro fía el ancho del sou *maraño* d'herba —avezaba a ser el que máis rendía—, outro siguiálo segando al par d'él y asina hasta el númaro de segadores qu'houbiera. Os máis fortes ou amaños llougo iban deixando atrás a os outros.

Nun se segaba sempre a maraños. Condo el herba taba mui deitada había que fer *gavellas*, xuntándola en montoncíos da que se segaba cua gadaña igual que se fía condo se coyía a gancella del monte.

*“Se taba el herba mui deitada, que fose muita herba grande, pos nun podías segala. Entós tías qu'ir buscándoye el xeito y despós andabas pol prao como se podía. Se ta deitada pra este lao el herba y ques segala pra éste, nun podes. Teis que buscarye por este outro lado el pe. D'unha, que nun podes segala y d'outra que la partes y queda sin segar nel prao y entonces había que volver a resegar”*  
(Mántaras).

Según cómo tuvera el herba y a gadaña, así era el tempo que se tardaba en volver poñerse a afilar. Afilar afilábase cada pouco. Coyían a gadaña, apoyábanye a punta del mango na terra, coyían con úa mao a cota y dábaseye al corte úas contas pasadas rápidas cua pedra.

*“Al afilar, a muñeca nun che pode xugar, ten que tar firme al pasarye a pedra. Se se baxa muito pr'abaxo y al*

*subir igual, cúmesye el corte” (Mántaras).*

Condo se vía que xa costaba muito trabayo puxarye á gadaña había que volvella crabuñar. Pra eso xa se trouxeran al prao el *crabuño*, composto d'*incra* y *martello* (ou *martelo*). Chantábase el *incra* nel tarrén y crabuñábase. Al crabuñar, el corte ten que *botar pelo*, ten que criar úas llimaduras de xeito que, al pasarye el dido, enganche nel peleyo. Entoncias dizse qu'a gadaña ten bon pelo<sup>6</sup>.

Al mediodía era costume tomar *as once*. Úa muyer que quedaba na casa llevábala. Outras veces nada, hasta as doce ou a úa que s'iba cumer a casa ou, se taban llonxe, que se cumía a xanta nel prao.

As once eran un bocao de pan con chourizo ou dalgo aparecido. De beber había viño y augua. Condo se segaba sempre se llevaba viño pral prao, anque dalgús sólo falan de qu'había augua però del viño nun s'acordan gota.

A xanta era un pratao de *caldo*<sup>7</sup>. Condo lo llevaban al prao iba nas alforxas col caballo. Llevaban úa lleiteira de porcelana col caldo y llevaban el toucín y el chourizo y máis nada. Y un xarro de lleite se dalgún quería lleite. El augua iba nun xarro ou nun botixo.

As tres ou antias volvíase al trabayo, despóis de durmir a sesta debaxo de dalgún umeiro ou salgueiro, hasta eso das seis, qu'era condo podía cayer a merenda cua tortiya y a fogaza de meiz de rigor.

Despóis de segada, outra vez según el tempo y según el herba, igual se ye deixaba pasar nos maraños un día ou dous. Eso era pra que secase máis porque se s'estendía mui verde quedaba estrapellada nel prao y nun secaba tan ben.

*“Al pasar el herba un día ou dous alí, xa queda más amolecida y condo s'iba estender col forcao, secudila pra estendela, pos xa quedaba más espolveirada, xa nun quedaba tan aplastada como se la segas el mismo día y la*

*estendes*" (*Mántaras*).

Así todo, se taba mui seca, había quen la estendía el mesmo día. El procesu d'*estender* el herba fiase col axuda del *forcao*, *forqueta*, *pala de dentes* ou *palagancha*<sup>8</sup>. Tamén había quen estendía cua mao porque os veyos dicían que col *forcao* nun valía, qu'el herba había qu'apalpalla.

Se el herba taba segada en maraños podíase coyer un maraño d'úa punta al outra estendendo pra un llao pra deixarye sito al que vía detrás col maraño d'al pe. Se taba en gavellas, pois llevábase el prao dafeito. Estendía quen sabía, hasta nenos, sempre que lo fixeran ben.

Volvían pasar dous ou tres días, según el sol qu'había y el gorda que tuvera el herba, pra que *curara* ben. Despóis había que *virar*. Iban homes, muyeres y mocedá cos forcaos, despegábase el herba del prao y dábaseye a volta, col de baxo pr'arriba. De paso *secudíase* y *enheirábase*, aventándola un pouco pr'arriba y esfarayándose os peteiros d'herba verde que puderan quedar por tar mal estendida.

Pra ben ser tía que pasar outro día ou dous, sempre según el sol. Però, polo regular, había que darye a volta y recoyella. El virar xa nun era de madrugada porque a esas horas el herba ta orbayada y, pra viralla, precisa tar enxuita porriba. Era ei camín das once, ou según abría el día pola mañá, condo s'iba pra virar. De tarde, a eso das dúas, íbase al prao pra *llevar* xa el herba. Había que cargalla nel día pra trella prá casa. Se nun daba tempo nel día, *empayeirábase*, quere se dicir, fianse *morenas* nel prao. Despóis, al outro día, ou el día que se pudiera miyor, íbase buscalla pra fer as *morenas*, *varales* ou *pajeiras* na casa. El que tía *pajar*<sup>9</sup> xa metía allí el carro de reculas y basculaba el herba.

Todo el llabor de coyer el herba ta sempre atento al augua però é nestos momentos —despóis de tella virada— condo máis amola. Se chovía xa nun se podía ir



cua idea de levar a herba despois de viralla.

*“Se chovía nel mitá, fastidiábase porque nun podía ir tapala con úa arpiyeira... y se ta chovendo y ta dous ou tres días alí nel prado, fastidióuse a herba seca xa. Home, valía toda porque a recoyíamos toda; nun a tirábase porque había que fer por ela, qu’había pouca. Pro fastidiábase porque xa nun era herba seca, xa nun tía olor a herba seca como se nun a coye a augua y ponse máis moura. El gado nun a cumía igual pro cumíanla porque nun tían outra cousa que comer. A herba seca que a recoyes sin vela a augua, cóyela y vas buscala al pajar ou unde teña y güele” (Mántaras).*

A propiedade das terras, que estaba tan fragmentada, fíao que, as máis das veces, nin con un prao nin con dous chegara para facer un varal grande na casa. Nun se podía traer un ou dous carros un día e deixar empezado o varal porque se chovía toyalo todo. O que había que facer era xuntar nun día toda a herba seca que se tía de todos os praos e trella en carraos para casa. Mentres se amañaban o varal outros íban acarretando a herba dos praos para casa. Por eso, quen nun a coyía xa no día, tía que facer morenas máis pequenas no prao.

As morenas do prao fíanse con cordas. Da mesma herba seca daquén íba tirando de debaixo e retorcendo ata sacar a corda. Outro coyía a punta d’esa corda d’herba mentres seguía torcendo e o que estaba agachapado al pé da morena seguía tirando da herba ata que fixera falta. Despois de pasar a corda porriba da morena col axuda d’un forcao para que nun se desfixera, atábase a corda na punta para que quedara presa. Había que poñer a pedra un pouco alta para que nun quedara pousada no terreo al encalar a morena. Se íba moito vento podía facerse outra corda no outro lado para cruzar as dúas. Tamén había quen poñía canas de salgueiro atadas arredor das morenas para que nun esfaragayaran tanto

peró nun era el máis normal<sup>10</sup>.

Condo taba estendida el herba pra recoyella, ou se taban xa fendo morenas grandes pra deixalla nel prao, y empezaba a chover, se daba tempo, fianse morenías nel prao de tres ou cuatro forcadadas pra que nun la coyese toda el augua.

Pra cargar el herba nel carro, se taba estendida pol prao, había úa persona ou dúas que primeiro iban engavellando. Despóis iba outro detrás col carro, coyía as gavellas y xa las cargaba cuas *forcadadas* ou *paladas* máis grandes que pudiera. Úa muyer ou un home iba nel carro calcando as forcadadas que ye iban botando.

*“Enchíase el caxón del carro, lo qu’era dentro, y ibas paredando por fora alargándolo pr’alantre y pr’atrás y pr’arriba. Había un home ou unha muyer, según, enriba pa calcar el carro, el herba seca, porque había que botala nel medio del carro tamén pra prender as veiras y había que pisala. El home que taba cargando embaxo pos iba cargando a forcadadas féndoye sito alrededor al carro. Había que cargar según por unde tuveses qu’ir. Se había bon camín podías cargar más ancho, se nun tías camín pra pasar col carro cargao pos tías que cargar estreto” (Mántaras).*

El carro *amarrábase* con un *reyo* ben forte. Debaxo del carro había us ganchos, os *queiros*, unde s’enganchaba. Fíase úa llazada nel primeiro de delantre, botábase el reyo pr’arriba y allí outra persona enganchaba noutro queiro y *apertaba* ou *afia* el reyo pra deixallo ben fito. Volvíalo pasar pral outro llao y asina dábasye volta a todo el carro. Había veces qu’el herba seca pasaba pr’arriba hasta el metá del corpo das vacas porque da que s’iba subindo al cargar íbaseye dando pr’alantre. Se el camín de volta era mui estreto poñíanse úas canas, conto máis abertadas y con rama miyor, amarradas contra el herba al llargo del carro. D’ese xeito nun se deixaba el metá del carrao enganchao nos vallaos. Se entornaba había que

desatar, sacar el carro y volver cargar el herba seca.

Según s'iba cargando había outras personas *pradiando* cua *garabata*<sup>11</sup> y, se nun había xente abonda, había que *pradiar* desque se recoyía el herba.

Pra fer a *payeira*, *morena* ou *varal* na casa había que chantar primeiro un palo alto —normalmente de pino— que sirvira de sostén. Era el *varal* ou *llata*<sup>12</sup>. Había que fer un furaio na terra en cualquier sito qu'houbera na casa, normalmente na cortía. El único que nun había que fer era poñer a *payeira* arrimada á casa porque sempre taba el peligro da queima y el llume podía chegar á casa.

Al *varal* poñíanseye us *retéis* ou *espeques* pra qu'el vento nun lo abalanciara muito y nun quedara axenegando. Despóis fíase el *pe* da *payeira*. Condo el herba se metía nel pajar tamén se ye fía un *pe*. Amañábase un cuadro con cuatro palos y despóis poñíanse canas de pino ou casqueiros amontuaos pra qu'el herba seca nun quedara na terra y nun podrecera. Abultaba muito però col peso da *payeira* acababa baxando.

Empezábase a botar paladas y había úa ou dúas personas enriba pra pisar y pra poñer curioso el herba seca qu'iban apurrindo. Había que deixar el herba ben calcada vistindo el *varal* todo alrededor pra qu'a *payeira* nun piyara augua y la botara pra fora. Botábase todo igual d'ancho hasta cuase dous metros. Despóis xa s'iba menguando hasta acabar en pico. En conto subía a *payeira* había que tirar el herba pr'arriba y subirse al carro pr'apurrilla. Ás veces usábase úa escaleira apoyada nel *varal* pra pasar as paladas al que la tuvera fendo ou poñíaseye un mango máis llargo á forqueta.

Pra fer a *payeira* habíalos máis curiosos us qu'outros. Nun se miraba quén trabayaba máis, senón qu'a *morena* quedara ben feita, que nun quedaran furaos que meteran el augua pra dentro.

Desque taba acabada igual se ye poñían cinco ou seis

cordas ben tesas del varal al tarrén. El problema del vento dalgús tentaban de solucionallo poñéndo-ye us contos varalíos colgando del varal con alambres. Pral augua había quen ye poñía amarrao nel pico un colmo de paya de trigo —a *carapela* ou *carapucha*— y lo esparcía polos llaos pra que tirara el augua pra fora. Outros, sin máis, poñían nel pico un mazacote de barro apegao. Ten habido quen poñía úa bacenilla, úa cazola, un caldeiro ou cualquier outro caxirolo, con herba seca dentro pr'atacallo, pra que nun lo tirara el vento.

Después de feita, igual se coyía un varal llargo pra pasaryo peñando el herba seca pra quitarye el que taba máis solto. Machacábase col varal pra qu'el herba quedara al son y nun quedara atravesada. Se quedaba asina y fía fonte, sempre metía máis augua.

Xuntábase abonda xente pra todo este llabor y, polo tanto, a comida era úa peza fundamental:

*“Prá xente que vía de fora sempre había comida. Había onces, había merendas y había xanta y había... Se fias el pote del caldo condo chegaba unha fecha d'esas, anque pral outro día nun houbese chourizos en toda a semana pra untar nel pote, aquel día había que botar ún ou cuatro ou os que... Según a xente qu'había. Y a bota de vino nel época del herba seca era sagrada. Y el botixo del augua tamén”*  
(Mántaras).

Da payeira íbase sacando el herba col *gancho* ou *fisga*, un ferro con úa gaya na punta y un mango curtio de madera, dende baxo pr'arriba hasta que s'acabara. El herba, según el que se tuviese, había que fer por ella pra qu'houbiera abondo seco pral inverno. Había quen ye botaba sal al herba pra qu'as vacas la cumeran miyor. Por eso, a miyor herba seca era a del mar, a dos praos que recibían el salitre cos ventos del norte. Esto notábanlo as vacas y sabíanlo os amos<sup>13</sup>.

Agora se se quer herba seca hai que curalla igual

qu'antias, aunque sía féndola en *pacas* cua *empacadora*. Claro, agora nun s'estende cos forcaos porque hai máquinas que lo fain, os *rastrillos* ou *esparcidores*. Cambiando a postura dos dentes del rastrillo, a mesma máquina *acordona* el herba nus maraños anchos y despóis xa vén a empacadora fendo as *pacas*.

As *pacas* raventaban a xente pra cargallas y el último sistema é el dos rollos d'herba seca que, se se fain con herba verde, empaquetáanse nel mesmo prao con plástico pra qu'el herba vaxa formentando col paso del tempo.

Como xa dixemos al empezar, hoi hai máis herba que nunca y nas casas xa nun hai tanta xente como antano. Os tempos cambiaron y hoi el dobre del llabor que fían antias dous caseiríos d'emparzao, failo un rapaz de deciséis anos con un tractor y úa máquina.

### Notas

<sup>1</sup> Botamos mao da distinción que se fai na zona entre *A Marina* y *A Montaña* y qu'estrema as terras chas da rasa costeira das máis pinosas das serras prelitorales y de máis enriba, contra el sur.

<sup>2</sup> Temos qu'estimaryes muito todas as cousas que nos cuntaron del herba a *Pepe del Bourio*, *Rosario de Pedro*, *Antonín del Farruquín*, *Pepe de Camarada* y *Jorge del Gango*.

<sup>3</sup> A gadaña compónse d'un *mango* con dúas *manillas*. A *foya* da gadaña ten na parte d'atrás un pico, a *pata*, que vai enganchao con úa *argolla* (ou *argola*) al mango. Na *foya* hai a parte cortante, el *corte* y a parte que nun corta, a *cota*.

<sup>4</sup> El corno taba feito d'un corno de vaca valleirao. A os qu'erán mui llargos cortábaseyes el pico y poñíaseyes un tapón de corcho. Nun llao da parte máis ancha fiaseye dous furaos y por ellos pasábase un alambre. Os dous cabos del alambre dobrábanse pr'abaxo fendo dous ganchos pra colgar del cinto. El sito unde se poñían era según el gusto ou a comodidá del segador: us delante y outros detrás.

<sup>5</sup> As pedras, se s'usaban sin augua, acababan piyando úa coda brillante que yes quitaba d'afilar.

<sup>6</sup> El arte de crabuñar, lo mesmo qu'el d'afilar, son fundamentales pra

sacarye rendedeira á gadaña. Un mal afilao pode acabar con un bon crabuñao. As gadañas mal crabuñadas, que quedan con ondulacióis nel corte, dizse que tán *foliadas*.

<sup>7</sup> El caldo foi y é a comida habitual del llabrador y ta feito con patacas, rabas ou berzas, fabas y dalgo de compango.

<sup>8</sup> Ta malo de saber cuáles son os términos máis veyos y cuáles os usaos nun sito ou noutro. *Forcao* ou *forqueta*, que pintan ser palabras máis veyas, úsanse muito en Mántaras però tamén *pala de dentes*. *Palagancha* témolo ouguido ben de veces en Serantes ou Salave. Os dous primeiros nomes designan máis ben á ferramenta de madeira con dous gayos (xa desaparecida na Marina) anque s'usa tamén pra chamar á ferramenta de dous a cinco dentes de ferro.

<sup>9</sup> El *pajar* é úa construción grande, de pranta rectangular, ás dúas auguas, con úa portúa nel medio d'úa das fachadas y cuas paredes chías de machinales pra qu'el herba tuvera ben ventoliada. ¿Pode ser este castellanismo por causa d'úa introducción relativamente moderna d'este sistema d'almacenamento coincidente con úa mayor capacidá económica dos caseiríos? Ben é verdá que contrasta cua antiga y máis probe *payeira* que ten úa fonética máis axeitada á fala da zona.

<sup>10</sup> Nas terras da Montaña, zonas máis costas però tamén unde é mayor el arcaísmo, é máis común atopar ainda hoi estos sistemas pra ter polas morenas. Nas terras mui pinosas como nel Val d'Obanza (Castripol), tamén se chegan a chantar varalíos pras morenas que se fain nel prao.

<sup>11</sup> Hai quen ye chama tamén *cañadeira*, (y al acción *cañar*) igual qu'á ferramenta aparecida que s'usa pra escoyer entre el grao os restos gordos d'espigas de trigo, despóis de mayar cua máquina.

<sup>12</sup> El primeiro término úsase de Mántaras pral oeste y el segundo de Salave pral este.

<sup>13</sup> Condo os da marina iban comprar bois á montaña, os vendedores aconsayaban que se tuvera cuidao col herba porque era máis forte "a de baxo qu'a de riba". Un home de Mántaras dicía qu'as vacas "daban máis leite revolvendo pedras nas Poleas (úas terras al pe del mar) que chías nel Banzao (us praos xa nel monte, al sur de Mántaras)".